

## INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO DE 2º DE BACHARELATO CON MATERIAS DE 1º DE BACHARELATO.

*RESOLUCIÓN do 18 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas básicas de educación para persoas adultas, bacharelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas no curso académico 2022/23.*

### CAPÍTULO IV

#### **Bacharelato**

#### **Artigo 27. Avaliación**

5. O alumnado matriculado en materias de primeiro curso terá dereito a dúas avaliaci<sup>o</sup>ns finais, unha ordinaria, que se realizará a partir do 5 de xuño de 2023 e outra extraordinaria, que se realizará a partir do 22 de xuño de 2023.

6. O alumnado matriculado en materias de segundo curso terá dereito a dúas avaliaci<sup>o</sup>ns finais, unha ordinaria, que se realizará en datas que permitan a inscrici<sup>o</sup>n nas probas de acceso á universidade (ABAU), e outra extraordinaria, que se realizará a partir do 22 de xuño de 2023.

7. O alumnado matriculado en materias de primeiro e segundo no curso 2022/23 poderá optar, na avaliaci<sup>o</sup>n final ordinaria, entre:

7.1. **Adiantar a avaliaci<sup>o</sup>n final ordinaria das materias de primeiro curso. Neste caso as sesi<sup>o</sup>ns de avaliaci<sup>o</sup>n final ordinaria das materias, tanto de primeiro como de segundo, adecuaranse ás datas previstas para a ABAU.**

7.2. **Realizar a avaliaci<sup>o</sup>n final ordinaria das materias de primeiro curso nas datas establecidas con carácter xeral no punto 5 deste artigo.** Neste caso as sesi<sup>o</sup>ns de avaliaci<sup>o</sup>n final ordinaria das materias, tanto de primeiro como de segundo, realizaranse a partir do 5 de xuño de 2023.

8. O alumnado que opte por **non adiantar a avaliaci<sup>o</sup>n final ordinaria das materias de primeiro curso deberá comunicalo antes do 17 de abril de 2023 á direcci<sup>o</sup>n do centro** correspondente, que procederá a crear grupos XADE diferenciados.